

9 xuño_Sala Ángel Brage, Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Maximino Zumalave, director

Javier Ares Espiño, piano

Álex Salgueiro, fagot

Darius Milhaud (1892-1974): *O boi sobre o tellado, op. 58* (1920)

Carlos López García-Picos(1922-2009): *Sindy, A. 31* (1976)

Carlos López García-Picos (1922-2009): *Concerto para piano-fagot, cordas e percusión, A. 106** (2001)

Allegretto Jocosos / Lento Cantabile / Allegro Jocosos

*Estrea absoluta

A **Real Filharmonía de Galicia** nace como un ambicioso proxecto cultural en Santiago de Compostela no ano 1996. Formada por 50 músicos e un equipo administrativo de 6 persoas, ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia. Paul Daniel é, desde 2013, o director titular e artístico da formación e Maximino Zumalave o seu director asociado. No ano 2020 Joana Carneiro incorpórase como principal directora invitada. Os obxectivos da RFG céntranse en difundir a música clásica en todo o territorio galego, buscando sempre as máis altas cotas de excelencia artística a través da colaboración con directores/as e instrumentistas do máis alto nivel e cun firme compromiso na estimulación do talento e a formación musical de nenos e novos.

Maximino Zumalave. Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela. Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmaier, as irmás Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial foi a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Javier Ares Espiño (Ourense, 1979) é Doutor pola USC e Catedrático de piano no CSM da Coruña. Comezou os seus estudos de piano en Betanzos con Carlos López García-Picos, continuando no Conservatorio Superior de Música da Coruña baixo a dirección de Natalia Lamas. Posteriormente ampliou os seus estudos no Centro Superior de Ensinanza Musical Katarina Gurska recibindo clases dos pianistas Alexander Kandelaki e Nino Kereselidze. Desenvolve unha ampla actividade como solista e como integrante de grupos de cámara en diversas formacións. É membro da Irmandade da Música Galega e do Grupo de Investigación Organistrum da USC, co que participou en varios proxectos I+D+i. Entre as súas publicacións destaca a monografía *Carlos López García-Picos. Música a orillas del Atlántico* (2016), co editada pola USC, Xunta de Galicia e Concello de Betanzos.

Álex Salgueiro, fagot (Madrid, 1984) é fagotista e contrafagotista na Orquestra Sinfónica de Galicia dende o 2006 e colaborou con outras agrupacións como a Sinfónica de Navarra, Sinfónica de les Illes Balears, a Filarmónica de Gran Canaria, a Real Filharmonía de Galicia, a do Gran Teatre del Liceu, ou a Orquestra Gulbenkian. Tamén actuou como solista coa Orquestra Gaos, o Taller Atlántico Contemporáneo e a OSG. Combina a vida orquestral cunha intensa actividade camerística con Zoar, grupo que no 2017 presentou unha dobre publicación de CD e partituras coa obra completa para quinteto de vento de Carlos López García-Picos, posteriormente presentada en Bos Aires. Recentemente completou un mestrado en investigación musical na Universidade Internacional de Valencia cun traballo de investigación sobre o *Concerto para piano-fagot* deste mesmo compositor. É profesor do Centro Superior de Música de Galicia e impartiu cursos e clases maxistras en cidades como Santiago de Compostela, Ourense, Cádiz, Pamplona ou Zaragoza.

O programa deste concerto xira en torno a unha evidente interconexión entre América e Europa, no contexto da música de vangarda do pasado século XX, e á figura do compositor betanceiro Carlos López García-Picos (1922-2009), do que se conmemora este ano o centenario do seu nacemento.

Le Bœsur le toit, Op. 58, de Darius Milhaud, foi creada e estreada na súa versión como ballet-pantomima no ano 1920 en París. Esta adaptación, que é a que escoitaremos hoxe, foi realizada por suxestión de Jean Cocteau, que foi o autor do argumento, mentres que o vestiario foi deseñado por Guy-Pierre Fauconnet e os decorados de cartón pedra foron obra de Raoul Dufy. Entre os múltiples arranxos que Milhaud fixo desta obra, destaca o de violín e piano do ano 1919 que foi a versión orixinal realizada co título *Cinéma-fantaisie* e destinada a acompañar unha película muda de Charlie Chaplin. Esta obra é vivaz e luminosa e ten a estrutura dun rondó con forma libre. Milhaud inspirouse en diversas pezas brasileiras que puido coñecer na etapa na que traballou na embaixada francesa de Río de Xaneiro entre os anos 1917 e 1918.

Anos despois, en 1957, a embaixada francesa de Bos Aires outorgou unha bolsa a un novo compositor orixinario da cidade de Betanzos pero que emigrara a Arxentina trala Guerra Civil: Carlos López García-Picos. Obtivo este premio a raíz da estrea no Teatro Colón de Bos Aires do seu ballet *La farsa de la búsqueda, A. 16*, composto en colaboración co seu compañeiro de estudos Emilio Terraza e que contou coa coreografía da compañía de Renate Schotelius. García-Picos precisou de certa axuda económica para realizar esta viaxe de estudos á capital parisiense e foi Eduardo Blanco Amor quen organizou unha colecta entre a colectividade galega de Bos Aires. Finalmente, o compositor betanceiro, realizou a súa ansiada estancia de formación en París e alí asistiu a clases na Schola Cantorum e no Conservatoire National de París, e contactou con compositores como Pierre Wissmer, Henri Dutilleux, Olivier Messiaen ou tamén co propio Darius Milhaud. Foi esta unha etapa que marcou profundamente toda a súa traxectoria artística.

No ano 1984, García-Picos regresou a Galicia e comezou a súa etapa de maior produción musical e na que se pode observar unha preferencia polas creacións destinadas á orquestra sinfónica e ás formacións de cámara. Tamén destacan as súas obras para solista e orquestra, como as dedicadas á trompa, ao clarinete, á trompeta, ao óboe e ao piano e fagot conxuntamente; este último concerto para dobre solista, no que o piano e o fagot comparten un equilibrado protagonismo sempre entrelazado cunha orquestra de cordas e percusión participativos, procede do ano 2001 e inclúe a dedicatoria “ao meu gran amigo Xesús Alonso Montero”. Afirmaba García-Picos que está inspirada na gran amizade que os unía dende que se coñeceron en Bos Aires a finais dos anos 60 do século pasado e que esta alta estima estaba baseada en diversas coincidencias políticas e humanas.

Sindy, A. 31 que representa un dos fitos fundamentais do seu catálogo. A súa estrea enmarcouse nas actividades da Asociación de Jóvenes Compositores de la Argentina e foi realizada o mesmo ano da súa creación, en 1976, pola Orquestra Filarmónica de Bos Aires, con Mario Benzecry como director, e dentro da Tempada Oficial do Teatro Colón de Bos Aires. Esta composición foi premiada pola Tribuna Nacional de Compositores de 1979 (TRINAC) e elixida para representar a Arxentina en diversos festivais e congresos de carácter internacional. Mediante unha linguaxe “rabiosamente” vangardista, e a través dunha construción baseada nunha breve célula que aparece na trompeta nos primeiros compases da obra, o compositor propón un universo sonoro no que a referencia a paseos polos bosques e sons característicos da natureza é constante. O título desta peza, *Sindy*, responde ao nome dun can ao que lle tiña moita estima e que o acompañaba no paseo dende o abrente do día, cos primeiros cantos dos paxaros, ata os cantos suaves finais cos que chega a noite e se produce unha evocadora desaparición.

Péchase este percorrido musical co *Concerto para piano-fagot, cordas e percusión, A. 106*, do que vivimos a súa estrea absoluta, consta de tres movementos: Allegretto Jocosso, Lento Cantabile e Allegro Jocosso. Dentro da súa linguaxe atonal, predomina o uso duns mesmos acordes en diversas inversións co obxectivo de lograr “un colorido diferente e brillante” que lle permite plasmar as súas ideas “sonoras e espirituais”, tal e como expresaba o propio compositor.

Como se dicía nas primeiras liñas deste texto, o discurso musical deste concerto establece múltiples pontes que conectan París e Río de Xaneiro, ou Bos Aires e Betanzos, a través de tres pezas con linguaxes diversas, ou incluso diverxentes. Permite todo isto situar adecuadamente a Carlos López García-Picos no contexto internacional no que desenvolveu a maior parte da súa traxectoria creativa e valorar a súa abundante e relevante contribución ao patrimonio artístico galego.

Javier Ares Espiño
M^a del Carmen Lorenzo Vizcaíno